

RISCOS PSICOSOCIAIS: MOITO POR FACER

Debemos asumir con naturalidade que na nosa extensa xornada laboral, o estrés continuo e a presión desmedida sexan parte inherente ao desenvolvemento da nosa función? Decatámonos, que esta situación prolongada no tempo xera alteracións no noso estado de saúde, que desemboca en problemas físicos e/ou psíquicos? Son feitos claramente identificables...

Cáles son os riscos?

ESTRÉS (presión por obxectivos irrealizables, falta de plantilla...),
VIOLENCIA (atracos, clientes insatisfeitos, ocupación de oficinas...),
ACOSO LABORAL, IN-SEGURIDADE CONTRACTUAL (ameazas de cambio en posto/función, non cobrar incentivos, expedientes disciplinarios...),
DESGASTE PROFESIONAL ou “burn out” (falta de comunicación, de recoñecemento...),
CONFLITO CONCILIACIÓN FAMILIA-TRABAIIO (prolongación xornada, traslados, afastamento do domicilio familiar...). Todos forman parte da nosa **RISCOS PSICOSOCIAIS**.

Por que se orixinan?

Orixínanse por unha deficiente organización e unha ambición desmedida polos resultados, a custa do equipo.



Inflúe na nosa saúde?

Non todos reaccionamos de igual xeito cando estamos sometidos a presión, sobrecarga de traballo, estrés... Pero traballar a un ritmo tan acelerado, de forma continuada, esgota os nosos recursos para dar resposta, e remata por pasar factura á nosa saúde física e mental (infartos, úlceras de estómago, dores musculares, ansiedade, depresión, Trastornos psicossomáticos...).

Pódense evitar?

Sí, actuando sobre a raíz do problema, é dicir, na organización do noso traballo.

Para iso, BBVA debe realizar a toda o equipo, unha axeitada avaliación de Riscos Psicosociais. Porque só cunha identificación acertada, se poderán implementar medidas correctoras axeitadas, que actúen na orixe do problema.

Como se avalían?

Con métodos recoñecidos e homologados polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT), coa implicación e participación de todas as partes, o que inclúe á Representación Sindical.



**Delegados/as Prevención
CCOO - BBVA**

A PREVENCIÓN É SAÚDE, ESIXE TRABALLO SAUDABLE

Que fai CCOO?

Ante a impasividade de BBVA neste tema, **CCOO** iniciou unha campaña de denuncias ante diferentes Inspeccións de Traballo e Tribunais, que nos deron e nos seguen dando a razón (Balears, Biscaia, Barcelona, Xaén, A Coruña, Ourense, Vigo-Pontevedra ou a Sentenza da Audiencia Nacional en Caixabank).

Grazas á nosa insistencia e traballo, conseguimos que BBVA se ocupe e se preocupe desta cuestión, incluíndo un cuestionario de aspecto psicosocial, na avaliación de riscos dos centros de traballo.



É suficiente?

NON, porque o cuestionario está incompleto e o proceso de recollida de información é deficiente, e tanto a análise de resultados coma as medidas correctoras, ata a data, "un misterio". CCOO suxeriu que no informe da avaliación de riscos se inclúan.

Que propón CCOO?

Abrir, e así formulámolo a BBVA, un proceso de negociación que culmine nun protocolo de avaliación dos riscos psicosociais, para avanzar XUNTOS neste tema.



É deber de BBVA garantir a seguridade e saúde dos seus traballadores/ás.

Mentres tanto, os/ás delegados/ás de **CCOO**, continuaremos vixiando, cuestionando e reclamando, o que entendemos marca a Lei de Prevención:

A Avaliación dos riscos psicosociais debe facerse a toda a plantilla, cun modelo fiable e obxectivo, que identifique e mida os riscos, que preserve a confidencialidade, que favoreza a adopción e aplicación de medidas correctoras, e que facilite a participación de todos no proceso, incluída a Sindical.

Porque a presión e o estrés provocan enfermidade,

Porque a prevención é saúde,

Esiximos un traballo saudable.

Xaneiro 2015